

Data	01/12/2016
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:25h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Olga Alonso Suárez • Vicepresidente, Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Eugenio de la Iglesia Delgado • Purificación Bernárdez Álvarez • Anxos Collazo Trigo • Cristina López Lobarriñas • Santiago Rodríguez Sánchez • Mª Teresa Freijido Román • Eudosia Deza Soto • Yolanda Benito de Tapia • José Casas Freire - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Álvaro Núñez Estévez • Mª Bertila Fernández Pérez • Mª del Carmen Rivas Corbacho • Luisa Rivas García • Yolanda González Larrañaga • Fernando Vázquez González • Hadriana Prado Lorenzo • Lois García Rodríguez - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Esperanza Dacosta Dapena • Xabier Pérez Igrexas • Antonio Vázquez Vázquez • Isabel López Lorenzo
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Antonio Madrid Risqueiz • Sector social: José Manuel Rodríguez Lago • Sector social: Mª José Ramos Martínez
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector social: Non hai representante directores secundaria • Sector social: Cándido Cabaleiro Paz • Sector social: Mª Teresa García Durán • Sector social: José Luis Sanz Escribano
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).

Orde do día

- 1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Aprobación da memoria anual de actividades do CEMV de 2015-2016.
- 3.- Informe da presidenta do CEMV
- 4.- Informes e Plans de traballo anuais das Comisións para o curso 2016-2017
- 5.- Propostas de mocións.
 - Moción de FOANPAS sobre a revisión da adscrición do IES Alexandre Bóveda
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre os criterios de zonificación.
 - Moción de FOANPAS sobre alumnado NEAE
 - Moción de FOANPAS sobre cuidadores/as
 - Moción de FOANPAS sobre transporte escolar
 - Suxestión de FOANPAS sobre bolsas de comedores
 - Suxestións de FOANPAS sobre a adaptación de parques
- 6.- Rogos e suxestións

Intervencións realizadas e acordos adoptados

A Presidenta abre a sesión lembrando que no último Pleno se pediu que desde o Concello se lle dese máis respaldo a este órgano e que se visibilizase o seu labor. Explica que, atendendo a esta petición, estaba previsto que asistira o Alcalde a esta xuntanza pero foille imposible por un problema de axenda de última hora. Pero ten o compromiso de asistir en canto lle sexa posible.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Ordinaria do 16 de decembro de 2015

2.- Aprobación da memoria anual de actividades do CEMV de 2015-2016.

A Presidenta presenta a memoria na que se fai un resumo de tódolos acordos tomados polo órgano e na que se recollen datos de participación dos diferentes sectores

Acordo

Acórdase aprobar memoria anual de actividades do CEMV de 2015-2016

3.- Informe da presidenta do CEMV

A Presidenta comeza dando conta dos cambios nos representantes que se lle comunicaron desde o último Pleno:

Sector Docente: Substitución do representante da UXT no CEMV Rafael Jesús Domínguez de la Iglesia que cesa por xubilación, por M^a Teresa Freijido Román

Sector Social: Substitución temporal da representante de FOANPAS no CEMV M^a Jesús Granja Pereira de baixa por maternidade, por Alvaro Núñez Estévez.

No grupo de representantes do alumnado danse de baixa: Nicolás Fernández Chantada, Yvonne Bouzas Casas e Alberto Prado Lechuga, e incorpórase un novo alumno: Lois García Rodríguez. Neste intre, quedan só dous representantes do alumnado: Hadriana Prado Lorenzo e Lois García Rodríguez.

Informa ademais que para esta sesión plenaria, Ángeles Crespo Fuster representante do Sindicato FSIE Galicia, é substituída por Yolanda Benito de Tapia.

Asiste como oínte M^a Jose Loureiro, nomeada recentemente Xefa de servizo de educación e que asiste para ir familiarizándose co órgano e coñecendo a todos os representantes e os temas que aquí se tratan.

A presidenta comunica que houbo unha aprobación inicial no Pleno Extraordinario do 21/novembro/2016 do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2017, que neste intre está en fase de presentacións de alegacións polo período de 15 días hábiles (BOP nº 223 do 22/11/16) ate a súa aprobación definitiva.

O orzamento total consolidado ascende a 233.094.593 (7 millóns máis que o ano 2016) todo financiado con recursos propios do Concello que ten débeda cero. Os maiores incrementos atópanse en actuacións de protección e promoción social e gastos en Educación, que supoñen un incremento dun 12% do orzamento para 2017, con máis de 27 millóns de Euros.

O Orzamento para o Servizo Municipal de Educación ascende a 13.486.754.-€, para atender as competencias específicas en conservación, mantemento e vixilancia de 51 centros públicos de E. infantil e primaria, e un colectivo de 47.000 escolares de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos de centros públicos e privados-concertados do municipio. A seguir móstrase o desglose das partidas máis salientables:

Servizo Educación	11.275.259.-€
UNED	928.984,70.-€
EMAO	1.282.511,03.-€
TOTAL	13.486.754.-€

Partidas máis saliantables en Educación	IMPORTE
Reparación e mto. De edificios escolares	570.000.-€
Subministro de enerxía eléctrica colexios	650.000.-€
Limpeza colexios	2.950.000.-€
8 Escolas Infantís Municipais (0-3 anos)	1.487.762.-€
4 Escolas Municipais de Ensinanzas non regradas	720.460,85.-€
Programas Educativos	150.000.-€
Programa de inmersión lingüística "Vigo en Inglés"	1.500.000.-€
Bolsas Municipais Alumnado da EOIV	160.000.-€
Convenio coa Foanpa	606.039,31.-€
Cubrición Patios colexios	570.000.-€

En canto á cubrición de patios de colexios, a Presidenta informa de que esta é unha partida nova e explica que para o próximo ano se cubrirán 3 centros por orde de petición, que serán O Carballal, o Canicouva e o Virxe do Rocío.

En canto ao estado actual da matrícula das Escolas Infantis Municipais (EIM) e Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas (EMMA), a Presidenta informa de que a quenda da mañá das EI está completa e que quedan algunhas prazas na quenda da tarde. As cifras serían as que seguen:

<u>EQUIPAMENTO MUNICIPAL</u>	<u>MATRICULA</u>
EIM Santa Cristina de Lavadores	53
EIM Atalaia de Teis	59
EIM Santa Marta do Casco Vello	60
EIM Costeira de Saiáns	59
EIM Tomás Alonso	60
EIM Casiano Martínez de Bouzas	54
EIM Mestres Goldar de Castrelos	42
EIM Navia	58
TOTAL ALUMNADO EIM	445
Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV)	574
Escola Mun Música Folk e Tradicional (E-TRAD)	641
Escola Municipal de Teatro de Vigo (EMTV)	150
Escola Municipal de Danza de Vigo (EMDV)	218
TOTAL ALUMNADO EMMA	1583
TOTAL ALUMNADO EIM (445) + EMMA (1583)	2028

En canto a programas educativos, a presidenta informa dos seguintes programas que funcionan na actualidade:

- Programa Educativo de utilización didáctica da Cidade de **“Vigo Educa 2016-2017”** oferta 800 desprazamentos para preto de 40.000 escolares de educación infantil, primaria, secundaria, Bacharelato e ciclos formativos dos centros de ensino de Vigo.
- O Programa Educativo Municipal **“Visita o Teu Concello 2016-2017”** está a dinamizar 31 visitas didácticas para 1.400 escolares, coa final idade de dar a coñecer a estrutura, funcións e competencias do Concello de Vigo e o relevante papel da admon. local como garante na prestación de servizos públicos de calidade.
- O Programa Municipal **“VigoHistoria:O Nautilus e o Tesouro de Vigo”** está a desenvolver a iniciativa didáctica con 15 visitas didácticas para 750 escolares, sobre a Batalla Naval de Rande que no ano 1702 tivo como escenario a Ría de Vigo, e sobre a figura de Xulio Verne e o somerxible “Nautilus” e a historia dos galeóns de Rande que inspirou a súa coñecida obra “20.000 leguas de viaxe submarino”.

A Presidenta informa tamén de que se sacou unha nova licitación, adxudicada por 36.500.-€, do Programa de **“Educación Básica de Persoas Adultas”**, na que participan 160 persoas. Impartido en 8 locais de AAVV e Centros Sociais de Vigo, ten como obxectivo ofrecer ás persoas maiores de 18 anos as ensinanzas orientadas ao logro das competencias básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura e de cálculo matemático, mediante un ha metodoloxía e proceso instrutivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas dese alumnado adulto. Ten como meta funcional posibilitar a incorporación das persoas aos estudos conducentes á obtención do Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e como obxectivo cívico e sociocultural, potenciar a súa incorporación plena na vida da cidade.

En canto á **UNED-VIGO** informa de que xa se trasladou ao Auditorio “Mar de Vigo” que conta con 16 aulas (tres delas con capacidade para 50 alumnos/as), un salón de actos para 80 persoas e unha sala de lectura e estudo pública con capacidade para 400 postos. Neste intre, impártense trece titulacións (Dereito, Educación Social, Enxeñería, Informática, Enxeñería en Tecnoloxías da Información e Turismo, Estudos ingleses, ADE, Ciencia Ambientais, Psicoloxía, Ciencia Política e da Admon, Pedagogía, Xeografía e Historia, Historia do Arte) que suman 778 alumnos/as. A previsión do Concello é que a medio prazo Vigo conte coas 27 carreiras do catálogo da UNED.

En canto á **Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO)** informa de que ten matriculados preto de 700 alumnos/as e entre as especialidades impartidas cómpre salientar as seguintes: Pintura, Debuxo Artístico, Talla e Escultura en Madeira, Ourivaría, Artesanía en Coiro, Deseño e Encaixe de Palillos, Moda e Confección, Construción Artesanal de Instrumentos Musicais (Zanfona / Gaita / Luthería Antiga), Cerámica Artística, Encadernación e Serigrafía Artística. Explica que se foi a profesora de pintura e farase unha incorporación dun profesor/a que se vai cubrir interinamente logo de proceso selectivo.

A presidenta informa de algúns gastos puntuais que fixeron o departamento durante o 2016. Comenta que se fixeron obras de mantemento en case todos os centros pero que destacan as seguintes:

- Dotación ao CEIP “Seis do Nadal” dun columpio adaptado por importe de 8.500.-€.
- Cambio de pavimento de aulas e outras estancias no Escultor Acuña, no Pintor laxeiro, no García Barbón, no San Salvador.
- Arranxo dos pavimentos de pistas no Carrasqueira Coruxo, no Mosteiro Bembrive, no Altamar.
- A remodelación para outros usos no Balaídos.
- Baños, que se van cambiando por partes do Santa Tegra, Chouzo, Balaídos, Lope de Vega, Carballal, Valadares Igrexa, Carrasqueira, Vicente Risco, Escultor Acuña e Seis do Nadal.
- Arranxo da aula matinal do Pintor Laxeiro.
- Arranxo comedores de Sello, Coutada Beade e Teis Frián.

Rematado o informe, a presidenta explica que con data 22 de novembro de 2016 se recibiu un escrito da xefatura territorial sobre a modificación de áreas educativas do Concello de Vigo, no que se solicitan o número de nacementos durante os anos 2014, 2015 e 2016, a súa distribución por rúas e calquera información adicional que se considere de interese para a súa consideración na delimitación das áreas educativas. (*Anexase esta petición ao final da acta)

Olga Alonso comenta que esta é a primeira vez que desde a Xefatura Territorial se dirixen a este Órgano para solicitar os datos precisos para estudar a zonificación, o que lle parece un cambio importante na actitude da Consellería. Explica que se lle remitirán os datos que solicita, non por rúas senón por barrios e distritos que é a información que lle poden facilitar en estatística e que xunto con estes se enviará a moción que a comisión de equipamentos trae a este Pleno. Nela establécense cales son os criterios que debería seguirse á hora de facer unha zonificación de xeito correcto. Comenta que tamén se remitirá a todos os membros do órgano para que os teñan en conta.

Eudisia Deza pregunta como vai o número de nacementos segundo o que lles presentou estatística. O secretario responde que o número de nacementos vai en descenso, en 2014: 2273, en 2015: 2126 e en 2016, ata o 1 de decembro: 1804. Olga Alonso comenta que lle van mandar os datos pero tamén que se vai recalcar que dado que a natalidade baixou, que é bo momento para dunha vez por todas apostar por unha educación de calidade, non só para centrarse nos números.

Eudisia pregunta acerca do Auditorio Mar de Vigo, quere saber que pasou con todo o que saíu en prensa dicindo que a adxudicación do auditorio non era legal. Pregunta se isto lle afectará á UNED. Olga Alonso explica que hai un convenio asinado co Auditorio para o uso de parte das instalacións por parte da UNED. Outro asunto é a situación da empresa que xestiona o auditorio, que neste caso eles saben o que saíu na prensa. O convenio que teñen asegura a perfecta normalidade do funcionamento destas instalacións.

4.- Informes e Plans de traballo anuais das Comisións para o curso 2016-2017

Plan de traballo da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

No curso 2016-2017 a Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa seguirá traballando na liña dos cursos pasados pero centrándose neste caso na zonificación e no estado das infraestruturas dos centros educativos.

Zonificación

Segundo informou o Conselleiro, este ano iniciarase o estudo da zonificación da cidade co obxectivo de elaborar un mapa escolar de Vigo que sexa máis efectivo. Tal e como recolle o regulamento do CEMV, este “será consultado preceptivamente polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa, con carácter previo á toma dos acordos, en cuestións coma as liñas de transporte, comedores escolares, zonificación,...”.

Pasos a seguir:

- Xuntar toda a documentación que desde 2010 se enviou á administración referente a este tema e valorar a documentación.
- Facerlle chegar a administración a través do CEMV a listaxe cos criterios que consideran imprescindibles á hora de elaborar o mapa escolar desta cidade.
- Facer seguimento dos pasos que dea a Consellería neste sentido así como do problema que estallou no curso pasado pola falta de prazas no Alexandre Bóveda provocado polo cambio de adscrición feito pola Consellería.

Infraestruturas dos centros educativos:

- Estudar os datos que recibimos dos centros educativos no curso pasado referentes ás barreiras arquitectónicas e sensoriais nos seus equipamentos.
- Informar ás administracións competentes destas deficiencias
- Facer seguimento destas ou doutras que poidan producirse ao longo do curso.

Ademais esta comisión tratará todos aqueles temas referentes a equipamentos e infraestruturas que vaian xurdindo ao longo do curso, presentando aquelas propostas e mocións que se estimen oportunas en cada caso

Antonio Vázquez, en relación ao traballo desta comisión e con respecto á petición que fixo a xefatura territorial, comenta que lle chama a atención que falan dunha modificación cando o que se necesita, e é ademais o que se leva demandando tempo desde este Consello, é unha nova zonificación, non un parche. Pensa tamén que se debería esixir á Consellería que dese prazos, un calendario no que se vexa cales van ser os pasos a seguir, de forma que esta Comisión poida ir avanzando no estudo da zonificación e que cando soliciten un informe non os pille por sorpresa.

Bertila Fernández quere recalcar que o feito de que a xefatura territorial lle pida datos a este Consello sobre zonificación é en parte un logro das familias. Lembra que este foi un ano intenso de mobilizacións, reunións,... e esta presión é o que fixo que se mande este escrito, igual que tamén se mandou outro a FOANPAS. Desde FOANPAS pretenden ter un trato de cordialidade coa administración, pero non lles teñen que agradecer nada porque o que fan é o seu traballo. Lembra que o que pasaron este ano foi moi grave, recibiron un trato pésimo. O Conselleiro prometeulle a un grupo de nais e pais no Museo do mar que a zonificación estaría feita en novembro e non está. O Xefe Territorial logo desdíd o que dí o Conselleiro. Logo vanse dando informacións cruzadas e dicindo moitas mentiras.

Antonio Vázquez quere lembrar que, aínda que foi en campaña electoral, o Presidente da Xunta dixo claramente que se ía construír un centro novo de secundaria no polígono de Navia, e ao mellor hai que lembrarllo. E lembrarlle ao Conselleiro o que dixo o seu Presidente. E, por outra parte, en caso de que isto fora verdade, teríase que estar estudando xa que tipo de centro ían construír, se un no que houbera so secundaria, un con secundaria e bacharelato, ou con secundaria, bacharelato e FP,... Bertila comenta que naquela xuntanza no Museo do Mar o Conselleiro tamén falou da inmediata construción deste centro. Pero parece que están xogando coa cidadanía.

Isabel López comenta que lle chama a atención que dixeran que se ía facer xa un centro en Navia porque se o Concello non tivo solicitude para que se lle cedese o terreo educativo é que non iniciaron xestión algunha, polo que non entende como se pode estar dicindo este tipo de cousas que son mentira publicamente. E por outra parte non entende como se pode anunciar a creación dun novo centro sen saber cal é a planificación nin o que pensan facer. Están xogando coas familias e non se pode consentir. Di que igual que a eles se lles esixe o cumprimento de prazos, que a Consellería debería, cando dá unha noticia así, dicir cales son os prazos nos que van facer esa obra. Pensa que Vigo é unha cidade moi importante como para que se engane, e que igual que se ten en conta á cidade para os resultados electorais, se debería ter en conta para o resto.

Plan de traballo da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa leva desde o ano 2010 centrando os seus esforzos na convivencia escolar. No curso 2011-2012 celebráronse con éxito as I Xornadas de Convivencia Escolar e no 2013- 2014 púxose en marcha a iniciativa “O que falas, fala de ti. A linguaxe na convivencia” que nutriu de experiencias prácticas as II Xornadas de Convivencia Escolar celebradas nese mesmo curso. Todas estas actividades foron valoradas positivamente a pesar de non obter todo o respaldo desexado dos representantes políticos.

Convivencia e deporte

No curso 2015-2016 falouse de comezar a traballar no eido da convivencia e o deporte, pero non se chegou a desenvolver a iniciativa porque esta Comisión non tivo nin os apoios nin a motivación necesaria para iniciar este proxecto. No curso que agora comeza queremos retomar esta idea e centrar nela o traballo da Comisión.

Seguimos pensando que o deporte é unha actividade fundamental para o desenvolvemento físico e psíquico do alumnado e que ademais o deporte en equipo ben manexado pode fomentar valores de respecto, tolerancia, igualdade, compañeirismo,... En contra disto vemos que, na realidade actual, as competicións deportivas na etapa escolar están rodeadas de violencia. Cada fin de semana vense a pais e nais, adestradores e adestradoras usando os peores cualificativos e insultos contra o equipo contrario e árbitros e increpando e presionando aos nenos e nenas, que en moitos casos sofren traumas e danos na autoestima que lles van a influír na vida adulta. Os rapaces repiten os patróns dos adultos polo que a forma de comportarse destes é fundamental na formación dos cidadáns no futuro.

Por todo o exposto, queremos traballar neste campo pero para isto necesitamos o apoio e colaboración do resto dos membros do CEMV e das institucións. Para isto último solicitaremos unha xuntanza coa Concelleira de Educación, Concelleiro de Deporte e Concelleira de Igualdade e Xuventude co fin de solicitar o apoio económico e os medios técnicos que se precisen. Sabemos que unha iniciativa deste tipo pode contribuír a visibilizar a este órgano e ao Concello polo que entendemos que pode resultar moi interesante para a administración local.

Ademais disto, seguiremos traballando polos dereitos dos nenos e das nenas con diversidade funcional e en calquera outra iniciativa que xorda durante o curso e que estea dentro do noso campo de traballo

Bertila Fernández comenta que a comisión está desmotivada, que se leva tempo traballando e que non sente que as propostas se materialicen. Dálle a sensación de que o CEMV é algo inerte, que non se coñece na cidade, que a comunidade case non sabe que existe. Ela quere lembrar que nesta cidade está a esencia de Suso Xares e que non se pode abandonar o seu traballo.

Eugenio de la Iglesia comenta que o programa que lles gustaría levar a cabo con convivencia e deporte, tería moito sentido dentro da cidade educadora, pero explica que para a comisión é importante que se faga un traballo que se sosteña no tempo e ao que se lle dedique tempo e recursos, senón queda en nada. Para Eugenio o ideal sería que como requisito para que se concederan axudas e subvencións aos clubs deportivos se lles esixise que tiveran que facer os seus compoñentes un módulo de convivencia. Así como cando se conceden cursos se lles obrigan a facer un módulo de igualdade, habería que facer o mesmo coa convivencia. Que os adestradores, xogadores,... tiveran que facer esta formación. Pensa que esta tería que ser unha liña do Concello.

Olga Alonso lémbrales antes de nada que este foro é moi importante porque engloba a toda a comunidade educativa. Si é verdade que nalgún momento as comisións se viron reducidas e que sempre se acababan reunindo as mesmas tres persoas, pero que desde a nova constitución, hai máis participación. Así e todo, anima aos asistentes a que se unan a estes grupos de traballo, porque co esforzo de todos e moito máis sinxelo sacar o traballo. Por outra banda lémbrales que aínda que ás veces sintan que o labor do CEMV non ten froitos, o feito de que desde a Consellería lles escriban coa petición que mostrou antes, significa que lle están chegando as súas mocións e que son tidos en conta. Olga Alonso pensa que hai que animarse, que se están conseguindo cousas.

Santiago Rodríguez comenta que o que di Olga non ten que ver co que está a demandar a Com. Pedagóxica. Segundo el o está vendo, esta comisión quéixase de que o traballo que fan, e levan tempo facendo como xa se plasmou e dúas xornadas que organizaron, non ten respaldo suficiente do Concello e que lles gustaría que se materializase dalgunha forma.

Olga Alonso pensa que máis ca que lles falte o apoio están de baixón porque dentro da Comisión non topan moi ben o camiño, que facer para materializar as ideas que teñen.

Bertila di que o que os desmotiva non é que estean só dúas persoas, que é máis ben que non se visibiliza o traballo que se fai. Santiago propón que desde o Concello se reúnan coa comisión para mostrar ese apoio e ver entre todos a mellor forma de levar adiante esas propostas que teñen.

Olga Alonso explica que xusto na Permanente, cos membros que compoñen esta comisión, xa se estivo falando de cal sería o mellor xeito de levar á práctica as súas ideas, e ela, como representante do Concello, manifestoulles o seu total apoio á iniciativa que propoñan.

Antonio Vázquez pensa que sería interesante que aumentase a participación nas comisións. De feito explica que se adoptou unha medida que se ven facendo desde o ano pasado que é convocar ás dúas comisións o mesmo día, para facilitar que haxa

máis participación. Respecto ao tema da convivencia e o deporte, explica que el está na comisión cidadá de normalización lingüística e que plantexou o tema alí, que é a mesma Concelleira a de normalización e xuventude, e que lles pareceu moi interesante, e que estarían interesados en colaborar nalgunha iniciativa deste tipo. Pensa que habería que facer unha planificación temporal porque o curso avanza e senón non se vai poder chegar a tempo.

Yolanda González, no referente ao dito sobre a desmotivación da Comisión, comenta que eles son novos na Comisión e que aínda que van a tódalas xuntanzas, non acaban de saber moi ben que é o que se espera deles. Van ás xuntanzas e nelas fálase pero non se concreta nada. Que poderían aportar máis se os dirixisen. Ademais como representan ás familias do ensino concertado non saben se poden pedir algo ou non neste foro.

No mesmo sentido, Hadriana Prado, di que aínda non sabe moi ben cal é o cometido do alumnado dentro da Comisión, que ela tamén se sente perdida.

Bertila Fernández comenta que como representantes de colectivos, sexan de nais e pais, alumnado, profesorado,... poden traer ao Pleno mocións, facer preguntas,...

A Presidenta comprométese a asistir ás próximas xuntanzas das Comisións para ver que traballo se pode sacar adiante.

5.- Propostas de mocións:

ANTECEDENTES

O IES Alexandre Bóveda está preparado e dotado para atender a cinco liñas educativas. Este é o número de liñas que albergaba ata o curso pasado e o número de liñas que, dado o espazo físico e material determinado polas súas instalacións, pode atender de xeito adecuado.

A Xefatura Territorial dita Resolución o 5 de febreiro de 2015 pola que ordena un cambio no reparto da adscrición. Antes de producirse esta modificación, o IES Alexandre Bóveda tiña 3 centros adscritos (CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaídos e CEIP Pintor Laxeiro) que enchían, xunto cos/coas repetidores/as que puidese haber, un total de 5 grupos que nutrían as 5 liñas do centro. Como consecuencia do cambio na adscrición, na actualidade o IES ten 5 centros adscritos (CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaídos, CEIP Alfonso R. Castelao, CEIP Illas Cíes e CEIP Virxe do Rocío), que neste curso deu orixe, xunto cos/coas repetidores/as, a 6 grupos de 1º de ESO.

O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) o pasado 19 de xaneiro de 2015 emitiu un ditame no que no seu punto 7 advirte que esta situación se produciría, xa que trasladaba a sobrecarga do IES Álvaro Cunqueiro ao IES Alexandre Bóveda, ademais do previsible aumento de poboación en Navia, que a Administración non prevía.

A día de hoxe, os centros de primaria adscritos ao IES Alexandre Bóveda suman 7 grupos de 6º de primaria, ao que se suman os/as repetidores/as, polo que a demanda de escolarización será de 7 ou 8 grupos. Por esta razón, a ANPA do IES Alexandre Bóveda e as ANPAS dos CEIPs adscritos ao mesmo asinan un manifesto común no que reclaman unha educación pública de calidade, non masificada e que dea resposta ás necesidades do alumnado e das familias, respectando así o seu dereito fundamental á educación.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar á Administración que publique con urxencia un estudo e unha revisión da **adscrición actual**, que prexudica ás familias do alumnado adscrito ao IES Alexandre Bóveda, e unha **proposta de modificación** e de como afectaría a todos os centros de primaria e secundaria que puidesen verse implicados.

Segundo.- Que, cos datos de matrícula, unidades e aulas que permiten valorar se a proposta de adscrición é acertada ou non, no caso de non selo, se plantexe canto antes a súa modificación; en todo caso, a adscrición ten que ser **válida para o próximo período de reserva de prazos** cara o curso 2017/2018.

Terceiro.- Apoiar á comunidade educativa do **IES Alexandre Bóveda** na súa reivindicación diante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia para conseguir unha adscrición xusta e con antelación suficiente, baseada na proximidade, que non desprace alumnado da ESO do seu entorno e que non masifique nin deixe fóra o alumnado dos centros de primaria adscritos.

Cuarto.- Acometer o antes posíbel a construción dun IES en Navia (“Plan Navia”) que resolva a previsión de aumento seguro da demanda e resolva tamén os problemas actuais de oferta insuficiente.

A Presidenta interven para recalcar a valentía deste grupo de nais que se opuxo con firmeza a algo tan grave como o que sucedía nos seus centros e que respectaron en todo momento os cauces que había que seguir, sen falar coa prensa ata o final, cando xa non recibiron contestación da administración competente. Lembra que, independentemente de que a moción estea plantexada para o IES Alexandre Bóveda, este problema afecta a tódolos centros. Aquí non se trata dun problema dun centro e non se pode enfrontar ao profesorado e á comunidade educativa dun centro con outro, como se tratou de facer. O que pon de manifesto é que existe un problema en toda a cidade e que hai que estudar a zonificación dun xeito global, xa que está fallando a planificación nesta cidade. Hai que ter en conta ao alumnado que se escolariza e ás súas familias, que son os afectados. O que non pode ser é que o criterio que prime sexa o transporte.

Bertila Fernández quere engadir, como representante das familias da escola pública, que si se presentou esta moción é para seguir visibilizando o problema que hai co Alexandre Bóveda. E quere dicir que é inconcibible que saia o Xefe Territorial dicindo que “a culpa deste desaguisado é culpa do IES Alexandre Bóveda porque mentiu”. As familias séntense insultadas.

Santiago Rodríguez lembra que desde a dirección deste centro, cando saíra a proposta de modificación da adscrición xa se emitira un informe desaconsellando este parche e anticipando os problemas que acarrearían os cambios propostos.

Antonio Vázquez comenta que a administración debería dar catro pasos. Primeiro escoitar á comunidade educativa e á cidade, segundo planificar, terceiro executar, e en cuarto lugar agradecer, a todos os pais e nais, aos órganos consultivos,... que dedican o seu tempo a que a administración saiba cales son as súas necesidades. O Alexandre Bóveda xa se viu prexudicado cando no curso pasado se pasou de catro a cinco unidades, para o que houbo que suprimir un aula que se dedicaba a outra cousa e se aumentou un grupo de 1º da ESO e este ano querían que houbera 6º grupo máis nun galpón. En todo caso, o que pasa agora nunca sería culpa da comunidade educativa, e desde a Administración estase a machacar aos pais e nais.

Cristina López comenta que lle gustaría facer fincapé no punto 4º da moción, e pensa que se lle debería esixir á administración educativa que diga cales son os prazos para

a construción deste centro.

Rematado o debate, a Presidenta propón someter a votación esta moción xunto coa seguinte que trata un tema similar, expón cales son os criterios que a Comisión de Equipamentos consideran que debe seguir a zonificación.

Santiago Rodríguez di que sendo así quere facer fincapé en algo que se cita nos antecedentes da moción sobre zonificación que é que a norma actual non dá dereito de transporte e comedor ao alumnado de centros de fóra da súa zona educativa. Isto fai que moito alumnado quede sen estes servizos. Pensa que esta norma superior debería cambiarse ou facer unha zonificación tendo en conta esta norma.

Procédese a votar as dúas mocións

Acordos adoptados

Apróbanse as mocións sobre a revisión da adscrición do IES Alexandre Bóveda e sobre zonificación con 19 votos a favor e 1 abstención e decídese remitilas á Consellería de Educación.

.A Presidenta explica que se enviarán as dúas primeiras mocións aprobadas acompañando a documentación que solicita a administración educativa.

Santiago Rodríguez aproveita para facer dous comentarios. O primeiro que lle gustaría que a participación nas Comisións de traballo fose maior. Sinte que nesta ocasión, na comisión á que pertence houbo se cadra menos participación aínda que noutras ocasións, e ve que aquí hai “vida” como para que a participación sexa maior. E por outra banda quere pedir que os Plenos sexan máis áxiles nas intervencións para que non pase isto de aprobar mocións xuntas que imaxina que se debe a que é moi tarde. A Presidenta recolle a suxestión.

- Moción da Comisión de Equipamentos sobre os criterios de zonificación.

ANTECEDENTES

A actual zonificación escolar da cidade necesita unha urxente renovación. É un documento que se amosa antigo e non responde ás necesidades nin á configuración do actual concello de Vigo. Nos últimos cursos ademais véñense dando problemas derivados da adscrición de centros de primaria e secundaria que precisan dunha intervención de maior calado. Os cambios demográficos e de ocupación urbana na cidade de Vigo e unha oferta de ensino público a todas luces insuficiente necesitan medidas que consigan que, ademais de aproveitar sen sobreutilizar os centros existentes, fagan efectivo o dereito da poboación a ter praza no ensino público.

Unha desas medidas, con carácter inmediato, é unha **zonificación actualizada** que responda a criterios xustos e igualitarios e ás necesidades da poboación escolar.

Outras serían a creación de centros e ensinanzas onde sexan necesarios e a dotación de servizos complementarios que fomenten a igualdade social e de xénero, a conciliación e as necesidades do alumnado e as familias e o aproveitamento de centros que, pola distribución actual da poboación, teñen capacidade de asumir

alumnado doutras zonas. Estes servizos xogan un papel fundamental no deseño da zonificación escolar. Como ademais a norma actual non dá dereito de transporte e comedor ao alumnado de centros de fóra da súa zona educativa, faise necesario prever áreas de procedencia con rede de transporte que aseguren a prestación de ditos servizos a todo o alumnado que o precise e, ao mesmo tempo, poboación escolar suficiente a todos os centros.

TEXTO:

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo aproba e insta á Administración educativa a deseñar unha zonificación que comprenda os seguintes CRITERIOS PARA UNHA NOVA E AXEITADA ZONIFICACIÓN ESCOLAR:

- Proximidade** do domicilio familiar/laboral aos centros e seguridade no traslado, maior canto menor é a idade;
- Asignación suficiente** de centros/prazas a cada zona. A Administración educativa ten que asegurar **número de prazas suficiente nos centros públicos**;
- **Acceso aos servizos de comedor e transporte** a todo o alumnado de escolarización obrigatoria que o necesite para favorecer a integración social, a igualdade de oportunidades e a igualdade de xénero. Por outra parte, a subvención dun posto escolar ao que se accede mediante unha liña de transporte excesiva contra o criterio de proximidade crea desigualdade na distribución dos recursos.
- Fomento do **aproveitamento optimizado** dos centros escolares existentes, valéndose da complementariedade dos servizos de transporte e comedor, mediante a súa reordenación;
- Adscrición** dos centros acorde cos seus tamaños;
- Oferta** actual e capacidades dos centros actuais:
 - número de unidades e liñas por centros de EI/EP/ESO, coas correspondentes adscricións;
 - capacidade física, número de aulas, dos centros existentes;
 - número de prazas escolares dos cursos terminais de cada etapa e dos correspondentes cursos iniciais seguintes;
 - ensinanzas post-obrigatorias existentes en cada zona: oferta actual e capacidade por centro;
 - capacidade dos servizos de comedor (postos) por centro e de transporte (liñas e quilómetros);
- Poboación** escolar actual e perspectivas futuras:
 - poboación escolar por idades/curso en cada zona e prazas escolares dispoñíbeis;
 - poboación adulta por zona en idade fértil: posibilidades de aumento da poboación infantil de cada zona;
- Estudo da **situación das zonas actuais** e aspectos que se observan deficientes e que se pretende mellorar e actualizar. Establecemento dun sistema que permita a escolarización nos mesmos centros aos irmáns afectados polos cambios na zonificación;
- Publicidade** do proceso e da fundamentación do modelo proposto e de como responde ás necesidades de escolarización;
- Estudo das **posibilidades de ampliación** dos centros existentes e de **creación** de centros novos.

• **Moción de FOANPAS sobre alumnado NEAE**

ANTECEDENTES

No ano 2002 nace en FOANPAS a Comisión NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). A finalidade desta comisión é traballar polos dereitos dos nenos e das nenas con diversidade funcional e das súas familias.

Cada vez son máis a familias que nos trasladan a situación que están a padecer os nenos e nenas NEAE, preocupados polos comentarios e sentimentos de cativos de primaria e secundaria que nos fan saber o seu malestar no centro educativo, falando incluso de realizar accións impropias dun neno/a desa idade.

O medios que dispoñen os centros de ensino son insuficientes. Un exemplo disto é o Ceip Fonte Escura. No Concello de Vigo dentro da oferta de centros públicos de Primaria hai 3 con atención específica a alumnado con necesidades educativas especiais, un dos cales é o Ceip Fonte Escura. Tendo integración de alumnado con diversidade, conta con aulas de atención específica diferenciada. Require unha dotación dun Departamento de Orientación, co posto de Orientación creado dentro do catálogo e o profesorado especialista de AL e PT que se requira. Ademais o número de cuidadores debe ser o axeitado ás necesidades.

Outro problema que as familias nos fan saber e a resposta negativa da concesión de becas para o alumnado NEAE, 7 de cada 10 solicitudes están sendo denegadas por mor dos criterios da mesma. Estas axudas teñen que ser para previr e paliar as diferentes casuísticas destes alumnos e alumnas.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se doten con máis recursos e medios de especialistas (pedagogos/as terapeutas, audición e linguaxe, psicólogos, educadores sociais..) e cuidadores os centros educativos.

Segundo.- Que se lle traslade a Consellería de Educación esta demanda como familias de alumnado con diversidade (cultural, sexual, altas capacidades e outros tipos de trastornos na aprendizaxe).

Terceiro.- Que se traslade á administración competente a necesidade de que se modifiquen os criterios de concesión das becas para o alumnado NEAE.

Cuarta.- Que se cree o posto de orientación nos centros que se precise como é o caso indicado do Ceip Fonte Escura e que saia a concurso nesta convocatoria específica de Orientación.

Quinta.- Instamos a que os membros do pleno fagan unha reflexión sobre isto nos seus diferentes ámbitos.

Anxos Collazo explica que o tema do que se fala aquí acerca do CEIP Fonte Escura, é a proposta dela e que se engadiu nesta moción porque ía no mesmo sentido e porque xa era tarde para entregar unha moción a maiores sobre o problema deste centro en particular. Pero di que non lle gustaría que a petición do Fonte Escura quedara desdibuxada dentro do que é unha petición máis ampla na que se solicita o posto de orientación nos centros que se precise. Quere aclarar que para un centro como o

CEIP Fonte Escura é imprescindible este posto de orientación.

Yolanda González fai unha pregunta acerca das prazas reservadas para alumnos NEAE. Comenta que cando empeza o curso de cada 25 alumnos se reservan 3 prazas para NEAE, pero que se non se necesitan se cobren. Pensa que deberían manterse sen cubrir por se en algún momento accede un alumno NEAE ao longo do curso, para garantir a súa praza.

Antonio Estévez explica que sempre se reserva un 10% para alumnos con NEAE ata o final do proceso de admisión. O que non se pode é manter as prazas valeiras por se aparece alguén que as necesite durante todo o curso. En canto ao centro Fonte Escura, di que fixo a comprobación e que si contan cunha orientadora exclusiva para o centro. Anxos responde que si teñen unha orientadora, pero que non ten creado ese posto de traballo para este centro, e neste centro polas súas características necesítase que o proceso de atención sexa continuo, que non haxa un cambio cada ano de orientador. Aínda que a día de hoxe haxa unha orientadora a tempo completo, non ten garantía de continuidade porque o seu posto non está creado. Antonio Estévez explica que está en fase de remodelación a rede de orientadores, que é unha cuestión que non depende do xefe territorial.

Bertila Fernández di que tódolos cursos hai recortes de PTs, Als, Orientadores,... e hai que estar sempre loitando cando isto tiña que ser unha necesidade que se cubrixe sen ter que andar pelexando.

José Casas fai unha reflexión acerca do que comentaba o representante da Administración Educativa de que “non ían estar reservando unha praza todo o ano por se aparece un neno con NEAE que precise a praza”. Pregunta porque non se poden reservar todo o ano, porque se se está apostando por unha diminución de ratio, por unha calidade educativa e por este alumnado NEAE, porque non reservarlles estas prazas. E sorpréndelle que o inspector aquí presente diga que se un neno NEAE chega a un centro na metade do curso e non tivese a súa praza reservada “ese rapaz intentaría ubicarse noutro centro ou senón houbera posibilidade, podería xustificarse un aumento de ratio”. José pensa que, de ser así, atender a 25 nenos máis 1 de NEAE so faría que a calidade educativa descendese nese aula. O ideal sería reservar sempre. Antonio Estévez di que o que está plantexando é unha redución na ratio, que neste caso non é do que se está a falar. Olga Alonso comenta que ademais esa reserva so se fai en 3 anos e primeiro. Que no resto dos cursos non pasa.

Álvaro Núñez comenta que no caso do Fonte Escura, este ano hai 10 alumnos NEAE máis con grande problemática e que as 4 coidadoras que teñen non chegan a nada. É un centro con 67 alumnos dos cales máis do 50% teñen necesidades específicas.

Santiago Rodríguez comenta que o outro día o xefe territorial nunha xuntanza sobre o Fonte Escura mostrouse comprensivo con que neste centro a persoa de orientación tivese continuidade. Pero non dixo que medidas ía tomar para que esta praza saíra xa neste concurso. O que faltan moitas veces son feitos.

Olga Alonso o que non pode é existir colexios específicos de necesidades educativas específicas. A verdadeira integración está cando os nenos van aos centros que lle tocan, e estes están dotados cos medios necesario para atendelos. O que non é normal e que unha familia que teña dous nenos e un dos dous teña necesidades específicas, que os teña que separar, ou desprazalos lonxe. O máis importante é a integración polo que hai que dotar a todos os centros dos medios necesarios. Comenta un caso puntual no que a Comisión de Escolarización escolarizou un neno con NEAE nun centro onde non hai os medios que permiten que el poida estar e logo

tiveron que cambialo despois dun mes. A administración ten que ser máis competente.

Antonio Estévez comenta que cando se escolariza un neno nun centro de ed. Especial, sempre se estuda que é o mellor para o neno, e normalmente as peticións veñen das propias familias. E a evolución do neno normalmente é maior neste tipo de unidades que noutros centros.

A Presidenta somete a votación esta moción.

Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre alumnado NEAE con 17 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación.

• Moción de FOANPAS sobre coidadores

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS contrastamos a pouca implicación á hora de asignar coidadoras a nenos e nenas diagnosticados con necesidades específicas e a serie de muros con que as familias se atopan durante o desenvolvemento do curso escolar. Tamén observamos que as función dos Axudantes Técnicos Educativos poden abarcar moito máis do que realmente se lles asigna hoxe en día polo que despois de diversas xuntanzas con ASATE apoiamos e compartimos as demandas deste colectivo.

ASATE (Asociación Axudantes Técnico Educativos) é unha Asociación legalmente constituída, con NIF G-94120672 que agrupa a un importante número de Auxiliares Coidadores, profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito educativo, atendendo ó alumnado con ACNEE.

Estes traballadores, realizan labores de atención ao alumnado con necesidade de apoio específico que van máis alá de atender as súas necesidades asistenciais, enténdase: fisiolóxicas, de aseo, atención no comedor, traslado ou autonomía persoal. Os coidadores, sen que por parte da Administración competente se teñan especificado as súas funcións como se debería facer, veñen colaborando estreita e activamente co profesorado ordinario nas tarefas de apoio á labor docente, na aula e fóra de ela. Esta colaboración é imprescindible para a consolidación dunha educación inclusiva e de calidade, unha socialización real e efectiva na aula, nos espazos comúns e nas actividades escolares e extraescolares, sendo ademais, co seu seguimento continuado a estes alumnos, un recurso necesario para optimizar as súas posibilidades de acceso ao curriculum ordinario na medida das súas capacidades.

É por a situación descrita que, dende fai tempo, reclaman formar parte do organigrama e do proxecto educativo dos centros, xa que na súa labor, conflúen unha parte educativa -que non docente- e outra asistencial, sendo a segunda puntualmente necesaria para facer real a primeira. En todo caso, o dereito á unha educación inclusiva

é o fin último de ambas, o asegurar a garantía dos dereitos dos menores nos centros educativos a recibir unha educación de calidade e inclusiva, respectando a súa

diversidade. É tamén o Auxiliar Coidador, unha figura referencial importante á hora de facilitar a convivencia, a tolerancia e contribuír de maneira efectiva a que a diferenza non sexa nunca un obstáculo, senón un elemento enriquecedor dentro e fóra do centro.

No que se refire á educación especial, o avance experimentado na consecución e defensa dos Dereitos Humanos (DDHH) non sempre foi paralelo as necesidades e demandas sociais. Os dereitos fundamentais, como o dereito á educación, espertan especial sensibilidade na sociedade e nos grupos que requiren unha atención específica.

A CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE de Nacións Unidas, (2012) que no seu artigo 24 en referencia a dereito á educación, menciona que os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade á educación. Para facer efectivo este dereito sen discriminación e sobre a base da igualdade de oportunidades, os Estados Partes asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis así como a ensinanza ao longo da vida, con miras a desenvolver plenamente o potencial humano e o sentido da dignidade e a autoestima e reforzar o respecto polos dereitos humanos, as liberdades fundamentais e a diversidade humana. Na atención educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, debe garantirse que non queden excluídas do sistema xeral de educación obrigatoria por motivos de discapacidade.

A pesar de iso, ano tras ano, comprobamos as enormes dificultades coas que se encontran moitos nenos e nenas afectados con algún tipo de discapacidade para exercer plenamente o seu dereito a unha Educación de calidade. Debido en parte á falta de compromiso por parte da Administración e tamén dos axentes sociais encargados de defender e ter en conta estes dereitos e necesidades destes colectivos, vense en moitas ocasións, vulnerados algúns dos seus dereitos fundamentais, entre eles o dunha educación inclusiva.

A inclusión escolar deste tipo de alumnado non só significa a obtención dunha praza escolar preferentemente nun centro ordinario. A verdadeira inclusión conséguese cando o neno ou a nena ten á súa disposición todos e cada un dos recursos persoais e materiais necesarios para o seu crecemento persoal e desenvolvemento.

Falamos de que estes alumnos poidan acceder aos servizos educativos ordinarios e tamén aos complementarios, especialmente ao comedor escolar e ás actividades extraescolares en igualdade de condicións que os seus compañeiros. Referímonos, entre outras, á necesidade de que, cando comeza o curso escolar, os centros onde se encontran escolarizados estes alumnos dispoñan de todos os recursos que requiren, evitando ás familias a peregrinaxe polas administracións ata conseguir o que unha adecuada planificación educativa debería ter previsto.

Durante os últimos anos consolídase a tendencia iniciada en exercicios anteriores respecto do incremento de queixas -a instancia de parte ou de oficio- que denuncian a ausencia de profesionais coidadores nos colexios, de Ensinanzas Infantil, Primaria e Secundaria para atender ao alumnado con algún tipo de discapacidade. Noutras ocasións o que se cuestiona é o feito de que este profesional non se encontre presente no centro durante toda a xornada escolar, xa que ven sendo práctica nos últimos anos que aquel sexa compartido entre varios colexios, debendo ser suplida esta carencia por outros profesionais que non teñen entre os seus cometidos labores

asistenciais e de apoio propias da sinalada categoría, ou incluso polas propias familias que se ven obrigadas a acudir ao colexio varias veces durante a xornada escolar.

A todo isto súmaselle a indefinición do perfil profesional dos Auxiliares Coidadores que non foi actualizado dende fai varias décadas. Esta situación pouco delimitada profesionalmente, pode impedir abordar con eficiencia e profesionalidade os numerosos e diversos perfís dos alumnos e as súas necesidades nas distintas etapas evolutivas.

Ante a ausencia dun perfil profesional definido (o acceso a este posto require só Graduado Escolar, obviamente insuficiente ao noso entender), é a experiencia adquirida ao longo dos anos e a formación continuada a que permite os profesionais que exercen de Auxiliares Coidadores o coñecemento dos distintos tipos de dificultades, síndromes e/o trastornos (físicos ou de conduta) e como desenvolver un abordaxe adecuado segundo os distintos problemas con os que se encontran. Coñecer e comprender os documentos do centro: proxecto curricular, educativo, avaliacións, adaptacións curriculares, seguimentos, etc., a posta en marcha das técnicas de modificación de conduta así como o manexo das técnicas e instrumentos relativos o carácter asistencial: aparatos de transporte, mobilización, adaptacións ortopédicas e funcionais, etc. depende na maioría dos casos, da vontade do profesional e do seu interese. Só así é posible que en ocasións, un só profesional experimentado poida atender en exclusiva as demandas de todos os alumnos nun determinado colexio. Esta experiencia, debidamente ponderada necesita ser recoñecida e profesionalizada.

Tamén se comprobou as diversas vicisitudes que poden acontecer nos procesos de escolarización deste alumnado, de modo especial cando non se planifican coa suficiente antelación as necesidades dos alumnos con algún tipo de discapacidade reflectidas nas solicitudes de escolarización, ou non se poñen en funcionamento as medidas de coordinación necesarias entre os organismos que interveñen en ditos procesos. É este un punto de gran importancia na correcta integración e inclusión do/a alumno/a, con o que o Auxiliar Coidador mantén unha estreita relación, coñecendo as necesidades cotiás que permiten a fluidez nas relacións de convivencia cos seus compañeiros/as.

Cando unha familia opta por escolarizar o seu fillo ou filla con discapacidade nun determinado centro educativo, xeralmente adopta a decisión seguindo as indicacións do persoal da comisión de escolarización, xa que o colexio en cuestión -polo menos teoricamente- dispón dos recursos necesarios e sen dúbida, entre eles está a figura dun Auxiliar Educativo (Coidador). Previamente, os responsables do colexio deberon efectuar a reserva de prazas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. E a administración educativa, debería en base a isto, ter a previsión de que estes postos estean cubertos por profesionais coa debida experiencia e formación que axuden ós alumnos con ACNAE a facer efectiva esta inclusión que por dereito, o igual que ao resto do alumnado, lles confire a lexislación en materia educativa.

Dende esta perspectiva, e partindo da idea de que entre a escola e a familia debe existir unha estreita comunicación para lograr unha visión globalizada e completa do alumnado, o labor do profesional coidador é fundamental, xa que para que o profesorado poda educar non ten máis remedio que contar con os coidadores e colaborar con eles. É necesario tamén que os dous ambientes -familiar e escolar-

garden unha estreita coordinación xa que mantendo unha boa relación coa familia, existe maior confianza entre pais, coidadores e profesorado, comunícanse as inquietudes, a evolución do alumnado e permite ao persoal docente coñecer con máis detalle o/a alumno/a e colaborar na planificación e no desenvolvemento das súas capacidades.

Así, os esforzos de todos os profesionais no proceso evolutivo de moitos destes alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo deben ter unha continuidade no ámbito familiar e viceversa. O contacto do Auxiliar Coidador coa cotidianeidade do alumno no centro, fai posible a fluidez na información e a transmisión das pautas que axuden a lograr unha inclusión efectiva. De aí que a colaboración á que aludíamos se faga máis necesaria no caso de nenos e nenas, os cales, en moitas ocasións, padecen importantes problemas de comunicación.

Non podemos esquecer as bondades que reverten á sociedade cando se fai efectiva unha educación de calidade, que permita o uso de servizos nos que prime o aspecto educativo pero tamén a solidariedade, a empatía, a aceptación das diferenzas, como algo enriquecedor en todos os aspectos da vida e que, no caso dos/as alumnos/as que nos ocupan, abarcan un amplo abanico de escenarios e atencións. Aos xa descritos, únense os de aspecto máis práctico como a atención nos comedores. No comedor, non só se proporcionan alimentos, tamén se fomentan técnicas adecuadas no manexo dos cubertos, hábitos alimenticios, e incluso se facilita a deglución dos alimentos, nos casos en que fose necesario. Ademais foméntase a integración entre todos os/as alumnos/as no respecto á diversidade, que fan que “o comedor” se converte nun elemento de especial relevancia, un espazo tamén educativo para a continuidade do proceso de estimulación e formación do alumnado, máis transcendente aínda que na súa cotidianeidade, dadas as características dalgúns destes nenos e nenas, así como nas necesidades das súas familias. Toda a actuación levada a cabo polos Auxiliares Coidadores sobre os alumnos, supoñen unha prolongación das ensinanzas que se imparten nas aulas.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se revise e regularice a figura do Auxiliar Coidador dentro do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, dotando a este colectivo dunha formación e titulación adecuada e que se definan claramente as súas funcións dentro do organigrama educativo, como se fai noutras CCAA do Estado, demostrando con esta medida, o seu compromiso coas necesidades educativas actuais, acorde coas exixencias e cumprindo coas directivas europeas e as necesidades dunha sociedade moderna, inclusiva e respectuosa cos DDHH.

Anxos Collazo comenta que non teñen datos para apoiar esta moción porque un cambio nas funcións pode facer que teñan que cambiar os requisitos de titulación das persoas que xa están traballando. Bertila Fernández comenta que é unha pena xa que a realidade é que as coidadoras están facendo un traballo excepcional, cambiando sondas, ... As coidadoras poderían ser incluso un apoio para o profesorado dentro da aula. Debería aproveitarse esta figura e que non so se dediquen a acompañar aos nenos ao baño. Explica que eles como nais e pais non saben cal é a solución pero que se debería facer algo. Antonio Estévez comenta que o que se está solicitando é unha nova categoría porque a día de hoxe para ser coidador o único que se precisa é ter

Graduado Escolar. Dá a sensación de que o que se pide é outro posto diferente, cunha cualificación sanitaria, que puidera dar outra atención. A coidadora ten labores de acompañamento en traslados e no aseo.

Antonio Vázquez comenta que ao Consello está chegando unha moción que plantexa unha necesidade que existe, e que ante iso o que debe facer este órgano consultivo é aprobar a moción e logo xa será cousa da Consellería saber que perfil debe cumprir ou como solucionar o tema. Pensa que o Consello non é quen de establecer un perfil determinado. Aquí detectase un problema e é a administración que debe solucionar este problema.

Bertila Fernández comenta que en todo caso para eles esta moción pretende que se visibilice e reflexione sobre o problema. Eles póñeno enriba da mesa porque é algo que está pasando.

Rematado o debate sométese a votación a moción.

Acordos adoptados

Apróbanse a moción sobre coidadores con 16 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación.

• **Moción de FOANPAS sobre transporte escolar**

ANTECEDENTES:

A dispoñibilidade de transporte escolar é unha das carencias expresadas de forma reiterada polas familias dalgúns centros dende hai moito tempo e, na nosa opinión, un servizo esencial para a comunidade escolar. A demanda de matrícula, cun significativo número de alumnos e alumnas de diferentes áreas da cidade que, con todo, se ve reducida pola incerteza da oferta deste servizo. A denegación da Xunta constitúe unha vulneración dos dereitos do alumnado a transporte gratuíto e a opción de escoller centro polo seu proxecto educativo.

Tal e como ven demostrando o CEIP Mosteiro-Bembrive o transporte escolar é algo que favorece a matrícula neste centro educativo e mellora a conciliación familiar o cal é esencial para os nenos e nenas.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Pedimos que se inclúa na rede de transporte escolar da Xunta ao CEIP Mosteiro-Bembrive, que na actualidade ten transporte pagado polos pais e que funciona a pleno rendemento o que proba a necesidade deste servizo, así coma ao CEIP Paraixal e o CEIP Eduardo Pondal, nos que descendeu o número de matrícula por non ter o servizo.

Este servizo asegura a igualdade de oportunidades no acceso ao dereito fundamental de educación deste alumnado. Esta inclusión facilitaría enormemente a conciliación da vida familiar e laboral dunha parte moi importante das nais, pais, titores e titoras legais destes centros polo que sería unha excelente noticia para a comunidade escolar. Non se pode permitir que non ter servizo de transporte escolar supoña a perda de espazos educativos da cidade.

Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre o transporte escolar con 15 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación.

- **Suxestión de FOANPAS sobre bolsas de comedores**

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS desexamos manifestar que ante a consecuencia provocada pola resolución tardía da adxudicación das bolsas de comedores e que supón un trastorno para a xestión dos mesmos (adxudicación das prazas aos usuarios, pagos a empresa adxudicataria do servizo de comedores), e que se ven dando durante estes últimos anos.

TEXTO

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se tomen as medidas oportunas para que esta resolución estea rematada entre o 1 de setembro e o 10 de setembro, é dicir, antes do inicio do curso escolar. Si é necesario reforzar con máis recursos humanos, que parecer ser que é o principal obstáculo porque así no lo fan saber, que se poña a disposición deste departamento o persoal necesario.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a suxestión sobre bolsas de comedores e decídese remitila á Concellaría de Benestar.

- **Suxestións de FOANPAS sobre a adaptación de parques**

ANTECEDENTES:

No ano 2002 nace en FOANPAS a Comisión NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). A finalidade desta comisión é traballar polos dereitos dos nenos e das nenas con diversidade funcional e das súas familias.

Na nosa cidade o número de parques infantís gardan un equilibrio coa demanda da poboación infantil. Con respecto aos nenos e nenas con diversidade funcional o desequilibrio é evidente. Oficialmente nestes intres soamente contamos cun parque adaptado en Bouzas, no entorno da praia. Esta adaptación consiste nun balancín con arnés. Desde FOANPAS creemos que os nenos e nenas con diversidade funcional teñen o mesmo dereito a poder divertirse e gozar coma un neno e nena máis nos parques infantís da nosa cidade, e así facer uns lugares de ocio onde prime a INCLUSIÓN.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se adapten os parques infantís para os nenos e nenas con diversidade funcional.

Segundo.- Que se facilite á cidadanía información do emprazamento dos parques infantís adaptados, aínda que deberían estar todos, xa que nenos e nenas de Vigo da zona norte non deberían ter que desprazarse ao centro ou a zona Sur para poder pasar un tempo de lecer.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a suxestión sobre bolsas de comedores e decídese remitila á Concellaría correspondente.

6.- Rogos e suxestións

Bertila Fernández comenta que todas as mocións que traen ao Pleno son froito do traballo da comunidade de nais e pais. Di que pese a que lle poñen moitas trabas, van a seguir loitando pola educación pública. E lembra que seguen tendo unha materia pendente coa Administración que é a convivencia, polo que lle piden que deixen de ningunear as familias e que traballen todos xuntos pola educación dos nenos e nenas.

Santiago Rodríguez dá unha contrainformación porque ve que nos centros, na prensa,... estase dando por certo que houbo un cambio na postura do Goberno fronte ás reválidas pero non existe tal cambio. Esta orde ministerial afecta só a este curso, e o calendario de implantación da LOMCE xa prevé para o curso 16-17 que estas probas non teñan valor académica para conseguir os títulos de ESO e Bacharelato. Este xesto político do goberno non di nada novo e en principio a implantación da LOMCE segue adiante tal e como estaba previsto.

Bertila Fernández pídelles aos representantes do alumnado que falen co seu entorno, cos estudantes aos que representan, e que na próxima xuntanza da Comisión pedagóxica lles manifesten as súas inquiredanzas.

Olga Alonso remata a sesión agradecendo a todos o traballo feito e anima a que sigan traballando e participando neste foro tan importante.

Se máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:25h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez